

Testemuña ocular

XULIO CUNS LOUSA*



Escena da representación teatral "Petición de man".

Como se pode observar cunha simple ollada, son moitos os acontecementos que se producen en Betanzos ó longo dun ano. Moitos e moi variados: políticos, relixiosos, sociais, artísticos, culturais, ou sexa que abranguen tódalas facetas do desenvolvemento humano da cidade. Pero son moitos más os que suceden que os que están aquí recollidos ou reflexados. ¿Por que? Imos ver se o damos explicado:

O "ANUARIO BRIGANTINO" é unha publicación do Concello de Betanzos quen, dende o ano 1983 ten encarga-

da a súa dirección e confección ó bibliotecario municipal Alfredo Erias. Abonda unha simple ollada o volume -algún chamarálle "tocho"- para decatarse de que, un home só non é capaz de levar a cabo e sacar á luz esta publicación. ¿Como se logra?

Alfredo disfruta de moitos amigos e pídelles (pídenos) colaboración, que non todos lla concederán pero algúns si, tanto por ser el quen a pide como por tratarse de algo de Betanzos, no caso dos que somos betanceiros. Outros veñen ofrecer traballos por diversas razóns: es-

* Xulio Cuns Lousa é autor, en colaboración, do libro *Alcumes recollidos en Betanzos e, más recentemente, do titulado O que non quedou no protocolo*. Foi e é membro de numerosas asociacións culturais, redactor de periódicos brigantinos, traduceu ó galego dúas obras de Rabindranth Tagore... É secretario e asesor do Anuario Brigantino.

tudiantes que están a preparar teses de licenciatura ou de doutoramento; xente que, dado o alto grao de importancia e estimación que acadou o "ANUARIO" nos medios culturais e intelectuais do noso país, gostan de publicar nel, etc.

Pero, ainda que nas páxinas de presentación do volume, aparecen unha serie de asesores ou colaboradores técnicos, todos teñen -ou temos- o carácter de voluntariado a quen nada se pode esixir. Polo tanto todas aquelas xentes que se achegan a un para decirlle tiñades que poñer tal cousa, había que falar de aquilo ou de estoutro, por que non se di o que ocorre con tal asunto...etc., cada quen que o escriba, que llo entregue o director na Biblioteca e despois este será quen estime se o traballo é digno de se publicar ou non.

Para todas aquellas entidades culturais, artísticas, deportivas e de outros tipos que se queixan de que o que eles fan non sae publicado, saíban que é obriga deles remiti-las reseñas de tales acontecementos á persoa e ó enderezo devanditos.

Bótase en falta a reseña de actos levados a cabo por entidades tan importantes como son os colexios de EXB, institutos de Bacharelato e de Formación Profesional e outras más ou menos relacionadas con eles como é o GRUPO LUZADA, que o día 23 de maio de 1992 organizou unha conferencia de Francisco Pillado Mayor, baixo o título "APROXIMACIÓN Ó TEATRO GALEGO". O conferenciante, que na actualidade é presidente da Escola Dramática Galega e director de Edicións Laioven, demostrou de forma moi amena os grandes coñecementos que ten do tema sobre o

que disertou, pois non en van foi cofundador dos grupos de teatro "O FACHO", "ESCOLA DRAMÁTICA GALEGA", "LUIS SEOANE", "CLUBE TEATRAL ELSINOR" e ten adaptado e traducido ó galego a autores como Samuel Beckett, Osvaldo Dragún, Luis Seoane, Eugéne Ionesco, Moliére, Jean Genet, Michel de Ghelderode, Anton Chekhov...

Precisamente, a continuación da conferencia o GRUPO LUZADA representou a obra de Chekhov "PETICIÓN DE MAN", en versión galega do conferenciante que, baixo a formidable dirección de Olga Patiño, Profesora de EXB nesta cidade, levaron a cabo os rapaces betaneiros Santiago Mosquera Faraldo, Inés Lareo Sánchez, Francisco Teijeiro Barge, Ana Maceiras Fernández, Belén Lomba Sánchez, Amaya García Sánchez e Carmen Rodríguez Sánchez. O argumento da obra, como o título indica, é unha petición de man que por pouco queda en auga de castañas a causa dunha liorta que se arma entre o aspirante ó casorio e o futuro sogro, pola propiedade dun eido e más tarde polo lerio de que can e mellor se o dun ou o do outro. O argumento é universal e, polo tanto, o mesmo pode acontecer no agro da latifundista Rusia que no da minifundista Galicia. En fin, unha velada memorable, como se dicía hai anos.

¿Que por que saco isto a colación e non outros acontecementos que tamén houbo ó longo do ano 1992? Pois non o sei a ciencia certa, pero coido que hai dúas razóns: unha ser testemuña ocular e outra ter sido integrante de moitos cadrós artísticos de afeccionados que houbo en Betanzos e, inda que pareza mentira, as "tablas" tiran. ♦